



Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
sede.ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 21-07-2021

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 21:35 horas do día 21 de xullo de 2021, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Xosé Lois García Carballido, reúnese, en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

### ASISTENTES:

#### SR. ALCALDE-PRESIDENTE

D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO

### SRES. CONCELLEIROS/AS PRESENTES.-

D<sup>a</sup>. NOELIA MARÍA VARELA SUÁREZ

D<sup>a</sup> MARÍA TERESA CHOUCIÑO CALVETE

**SECRETARIA EN RÉXIME DE ACUMULACIÓN DE FUNCIONS:** D<sup>a</sup>. CRISTINA VARELA GARCÍA

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente exixido polo artigo 113.1.c) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

### 1.- Aprobación de actas anteriores.-

Aprobación da acta da sesión ordinaria do 19-05-2021. Pola presidencia pregúntase aos asistentes se hai algunha observación, non existindo enténdese aprobada por unanimidade.

2.- Expedientes de aprobación dos instrumentos de desenvolvemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal e instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización  
**Proposta XGL para aprobación provisional do Plan Especial de Infraestructuras e dotacións en solo rústico no Núcleo de Bardaio**

Polo que por parte da presidencia expónse a proposta de Alcaldía que no seu literal di:

“PROPOSTA XGL.

*ASUNTO: APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUCTURAS EN SOLO RÚSTICO PARA CONSTRUCCIÓN DE UN CENTRO DE INVESTIGACIÓN, FORMACIÓN E COIDADO DE PERSOAS MAIORES EN BARDAIO.*

*EXPD: 2018/ U022/000017 E 2018/X999/000028*

### Antecedentes.-

**1.- 01/10/2018:** O Arquitecto Felipe Nuñel Méndez (colexiado nº 3222), en representación de Carlos Alberto Pose Varela, presenta a trámite o "Plan especial de Infraestruturas e Dotacións en Solo Rústico" para a Construción dun Centro de Investigación, formación e coidado de persoas maiores en Bardaio. Ponteceso.

**2.- 11/12/2018:** Solicítase a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia a Avaliación Ambiental Estratéxica a través do SIR. Remisión do Informe Ambiental Estratéxico relativo ao Plan espacial de Infraestruturas e dotacións en solo rústico no núcleo de Bardaio.

**3.- 09/01/2019:** Emítase informe técnico por parte do Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico Municipal D. Ernesto Fernando Calvo Pérez, no que se analiza os Obxectivos, Alcance e Contido do Plan, así como o procedemento a seguir para a súa Aprobación Inicial.

**4.- 09/01/2019:** Solicítase informe a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Augas de Galicia a través do SIR.

**5.- 09/01/2019:** Solicítase informe a Consellería de Medio Rural, Xunta de Galicia a través do SIR.

**6.- 13/02/2019:** O Arquitecto Felipe Nuñel Méndez (colexiado nº 3222), en representación de Carlos Alberto Pose Varela, solicita un informe de viabilidade urbanística.

**7.- 03/04/2019:** A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático. Territorio e Vivenda. Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, achega Resolución do expediente: 2018AAE2283 resolvendo non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria ao "Plan especial de Infraestruturas e Dotacións en Solo Rústico no núcleo de Bardaio, no Concello de Ponteceso", ao considerar que non se producirán efectos significativos no ambiente. No entanto, para favorecer a sustentabilidade ambiental da proposta, integrárase no planeamento as seguintes determinacións:

- Antes da aprobación inicial deste Plan, os servizos técnicos municipais e as empresas subministradoras deberán informar, sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos.
- Co fin de garantir a integración visual das novas edificacións, a proposta deberá incorporar un Estudo de Impacto e integración paisaxística, que deberá ser validado polo Instituto de Estudos do Territorio mediante informe emitido tras a aprobación inicial do Plan especial.

Remítense tamén unha copia dos comentarios e informes recibidos durante o período de consultas ao que se someteu o documento ambiental estratéxico e o borrador do Plan e que corresponden aos seguintes organismos:

- Dirección Xeral de Ordenación de Territorio e Urbanismo.
- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Instituto de Estudos do Territorio.
- Dirección Xeral de Defensa do Monte.
- Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.
- Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

**8.- 09/04/2019:** O Servizo Municipal de Augas de Ponteceso, xestionado por Espina&Delfin, Informa que o núcleo de Bardaio, pertencente a parroquia de Cores, non dispón actualmente dos servizos Municipais de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais.

**9.- 10/04/2019:** O Servizo de Urbanismo. Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia. Delegación Territorial da Coruña, achega contestación á solicitude de informe sectorial sobre o Plan Especial do expediente con referencia: HMG/jmc, comunicando que no estado actual da tramitación do Plan Especial non procede nin emisión de informes sectoriais pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo nin a contestación a consultas sobre él. En calquer caso, lembrese que unha vez aprobado provisionalmente o plan deberá ser sometido ao informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo previsto no artigo: 75.1.e) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

**10.- 26/04/2019:** Os Servizos Centrais de Augas de Galicia, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, achega contestación a solicitude na que conclúe que deberase ampliar a documentación do “Plan especial de Infraestruturas e Dotacións en Solo Rústico no núcleo de Bardaio, no Concello de Ponteceso”, en materia de abastecemento e saneamento.

**11.- 04/09/2019:** O Arquitecto Felipe Nuñel Méndez (colexiado nº 3222), en representación de Carlos Alberto Pose Varela, presenta a trámite un reformado do “Plan especial de Infraestruturas e Dotacións en Solo Rústico” para a Construción dun Centro de Investigación, formación e coidado de persoas maiores en Bardaio. Ponteceso, para a concesión de Licenza Municipal.

**12.- 04/09/2019:** O Arquitecto Felipe Nuñel Méndez (colexiado nº 3222), en representación de Carlos Alberto Pose Varela, presenta a trámite o documento para a avaliación ambiental estratéxica.

**13.- 04/09/2019:** O Arquitecto Felipe Nuñel Méndez (colexiado nº 3222), en representación de Carlos Alberto Pose Varela, presenta a trámite o estudo de impacto e integración paisaxística.

**14.- 08/11/2019:** O Instituto de Estudo do Territorio, da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, achega informe no que indica que dada a entidade da actuación e o entorno no que se atopa, a representación da integración paisaxística da actuación incluída no estudo de impacto e integración paisaxística resulta insuficiente. Así, para formalizar o plan especial deberán terse en conta as seguintes cuestións:

- Debe estudarse con maior detalle a integración topográfica das edificacións. Neste sentido recoméndase que se proxecten de forma escalonada para que, sen menoscabo da necesaria funcionalidade do equipamento, se reduza o impacto visual da actuación.
  - No tocante ás condicións dos acabados das edificacións e restantes elementos da actuación (pavimentos, peches, etc) o plan especial debería concretar as solucións polas que deberán optar os proxectos, sempre en congruencia co expresado na Guía de cor e materiais de Galicia e na Guía de Boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais.
  - Deberá completarse o EIIP cun modelado, fotomontaxe ou representación virtual do encaixe das edificacións na paisaxe.
  - O plan especial deberá recoller tanto na súa ordenación coma na normativa as condicións necesarias para garantir a aplicación das medidas de integración paisaxística reflectidas no EIIP.
- Finalmente, e de acordo co sinalado no informe ambiental estratéxico do órgano ambiental, o plan especial logo da súa aprobación inicial deberá someterse a informe do IET para a comprobación do cumprimento das observacións realizadas neste informe.

**15.- 29/01/2020:** O Arquitecto Felipe Nuñel Méndez (colexiado nº 3222), en representación de Carlos Alberto Pose Varela, presenta a trámite un reformado do “Plan especial de Infraestruturas e Dotacións en Solo Rústico”, un documento reformado para a avaliación ambiental estratéxica e un estudo reformado de impacto e integración paisaxística. Para dar resposta aos informes das Consellerías.

**16.- 20/02/2020:** Emítese o informe polo arquitecto dos servizos técnicos municipais que é do seguinte teor:

Examinada a documentación presentada relativa ao **modificado do “Plan especial de Infraestruturas e Dotacións en Solo Rústico” redactada polo Arquitecto** comprobouse a integridade documental do expediente, as actuacións administrativas realizadas, a calidade técnica da ordenación proxectada, a conformidade do Plan coa lexislación vixente e que este contén as determinacións axeitadas á súa finalidade. Axustándose ao artigo. 184. Documentación dos planes Especiais do RLSG.

O órgano municipal competente deberá proceder á súa aprobación inicial e sometelo a información pública como mínimo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no «Diario Oficial de Galicia» e nun dos xornais de maior difusión na provincia.

Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal solicitará das administracións públicas competentes os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos.

Finalmente, e de acordo co sinalado no informe ambiental estratéxico do órgano ambiental, o plan especial logo da súa aprobación inicial deberá someterse a informe do IET (Instituto de Estudo do Territorio).

**17.- 03/03/2020:** O Secretario Accidental D. Emilio Caínzos Quintás emite informe xurídico de secretaría sobre o procedemento para a aprobación do plan especial de infraestruturas e dotacións en solo rústico no núcleo de Bardaio presentado por D. Carlos Alberto Pose Varela.

**18.- 14/05/2020:** A Secretaria Dña. Antía Pena Dorado emite informe xurídico de secretaría sobre o procedemento para a aprobación do plan especial de infraestruturas e dotacións en solo rústico no núcleo de Bardaio presentado por D. Carlos Alberto Pose Varela, en cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.

**19.- 20/05/2020:** A Xunta de Goberno Local do Concello de Ponteceso aproba inicialmente o Plan especial de infraestruturas en solo rústico e de núcleo rural para a construción dun centro de investigación, formación e coidado de persoas maiores en Bardaio, de conformidade co artigo 75.1.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia, e co artigo 186.1.a) do seu regulamento.

**20.- 23/05/2020:** Anunciase no xornal La Voz de Galicia (edición Bergantiños-Soneira-Fisterra) a aprobación inicial del Plan especial de infraestruturas en solo rústico e de núcleo rural para a construción dun centro de investigación, formación e coidado de persoas maiores en Bardaio.

**15/06/2020:** Anunciase no DOGA núm. 116 a aprobación inicial del Plan especial de infraestruturas en solo rústico e de núcleo rural para a construción dun centro de investigación, formación e coidado de persoas maiores en Bardaio.

**21.- 19/06/2020:** A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Augas de Galicia. Servizos Centrais. Xunta de Galicia. Informa nas súas conclusións:

En consecuencia, e de acordo co exposto, deberánse ampliar a documentación do "Plan Especial de Infraestruturas e Dotación en solo rústico en Bardaio (Ponteceso)" segundo se indica nos parágrafos precedentes en materia de rede fluvial, abastecemento e saneamento. Por último, sinalar que estas consideracións emítense estritamente desde o punto de vista das competencias deste organismo de conca, sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto do mesmo e sen prexuízo dos condicionantes que se poidan establecer nas preceptivas autorizacións de Augas de Galicia que se tramiten segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH.

**22.- 02/07/2020:** A Consellería do Mar. Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica. Xunta de Galicia informa:

Que as actuacións comprendidas no dito plan non é previsible que teñan impacto nas actividades de acuicultura mariña ou continental competencia desta dirección xeral, establecidas no Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOG núm. 221, do 19.11.2015), e o Decreto 39/2018, do 5 de abril, que modifica o Decreto 168/2015 (DOG núm. 78, do 23.04.2018).

**23.- 17/07/2020:** A Consellería de Cultura e Turismo. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Xunta de Galicia informa que dentro do ámbito das súas competencias emite, respecto ao documento Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións en solo rústico e de núcleo rural en Bardaio, Ponteceso, datado en xaneiro 2020, un informe desfavorable, debendo incorporar as medidas protectoras e correctoras expostas no ANEXO:

ANEXO. Punto 3. Medidas protectoras e correctoras recollidas no informe da DXPC do 18.01.2019 no trámite de consulta no procedemento de avaliación ambiental estratéxica:

a. Analizaranse os HÓRREOS existentes no ámbito e nas súas proximidades, ao obxecto de valorar se atopan entre os recollidos no artigo 92 da LPCG. De ser o caso elaborárase ficha individual dos atopados no ámbito obxecto do expediente e daqueles cuxos contornos de protección poidan verse afectados, e incluíranse nun Catálogo propio do PEID1, tendo en conta que:

- O contido das fichas axustarase ás esixencias da normativa vixente.
- En canto á súa clasificación, terán a consideración de bens de interese cultural os anteriores a 1901, e respecto daqueles cuxa antigüidade non poida ser determinada ou que tivesen sido construídos con posterioridade, poderán ser declarados de interese cultural ou catalogados cando se lles recoñeza un especial valor cultural, principalmente etnolóxico (artigo 92.1 e 92.2 da LPCG).
- Os contornos de protección deberánse delimitar seguindo as pegadas físicas existentes no territorio próximo (límites de parcelas, camiños, muros, cómaros,...), evitando en todo caso liñas xeométricas abstractas. As distancias establecidas para a delimitación xenérica poderán tomarse como punto de partida. Nos hórreos o contorno de protección xeralmente se axusta ás parcelas inmediatas.

- A delimitación do ben e do seu contorno de protección representaranse con precisión tanto nas fichas como nos planos de ordenación.
- Engadirase no documento a normativa relativa á protección do patrimonio cultural, actualizada segundo o marco normativo vixente, citado ao inicio do presente informe, que conteña ao menos o tipo de obras permitidos segundo os niveis de protección, o réxime de autorizacións, etc.

b. Respecto das edificacións tradicionais existentes no ámbito do PEID, o punto 2.8 o borrador propón a súa rehabilitación, reforma e ampliación, sen especificar as actuacións que se levarán a cabo en cada unha delas. Das 5 edificacións existentes, 3 se localizan en solo clasificado como histórico tradicional, e como xa se sinalou, pódense encadran o tipo da arquitectura popular; mais o punto "3.3 Criterios de ordenación" do borrador indica que as condicións da edificacións serán as xerais en solo rústico, sen establecer ningún tipo de especificidade respecto destas construcións tradicionais. Cumpríranse as determinacións do PXOM para o solo de núcleo rural histórico tradicional e estableceranse cautelas para garantir a salvagarda deste patrimonio.

c. Planos de ordenación:-De catalogarse algún hórreo, a delimitación do ben e do seu contorno de protección representaranse con precisión nos planos de ordenación.-Na parte clasificada como solo de núcleo rural tradicional recoméndase revisar as aliñación achegadas, evitando a regularización xeneralizada do viario, na procura do mantemento das aliñacións dos rueiros tradicionais, así como os elementos de interese que configuran as ditas aliñacións (edificacións, muros tradicionais ou outros elementos de interese etnolóxico como hórreos, fontes, cómaros, noiros, arboredo autóctono, etc...).

d. No caso da afectación a bens do patrimonio cultural ou aos seus contornos de protección, establécense as seguintes consideracións sobre a proposta de ordenación ao obxecto de garantir a súa axeitada salvagarda.-A tipoloxía das novas edificacións será congruente coas tipoloxías identificadas como tradicionais. Recoméndase a utilización de volumes sinxelos, e no caso do grandes volumes ou das ampliacións, recoméndase facer uso de métodos de composición por adición, similares aos comunmente empregados na arquitectura tradicional, evitando edificacións de grande escala que rompan a harmonía coas edificacións tradicionais existentes.-Formúlase a construción dunha estación de bombeo na parte norte do PEID, procurarase acadar unha axeitada integración na paisaxe.

e. Lémbrese que de ser o caso da catalogación dalgún elemento, estarase ao disposto pola LPC

**24.- 20/07/2020:** A Consellería do Medio Rural. Xunta de Galicia informa: que este servizo non ten nada que obxectar á realización do proxecto de referencia.

Non obstante o anterior, o novo centro constituirá unha construción situada a menos de 400 m do monte, polo que é necesario lembrar as limitacións establecidas pola normativa forestal e de prevención de incendios para as actividades que se desenvolvan en torno a estas edificacións:

- A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, especifica no seu artigo 68 e o seu Anexo II as distancias que deberán gardar as novas repoboacións forestais, que serán de 50 m ao redor de edificacións situadas a menos de 400 m do monte (15 metros en caso de empregar as especies de frondosas do Anexo I da Lei)

- A normativa de prevención e defensa fronte aos incendios forestais debe considerarse tamén. O Servizo de Montes considera que o proxecto debería ser informado pola Dirección Xeral de Defensa do Monte.

**25.- 24/07/2020:** A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Instituto de Estudos do Territorio. Xunta de Galicia informa: Polo que atinxe ás competencias deste departamento en materia de paisaxe, considérase que o plan especial de infraestruturas e dotacións en solo rústico no núcleo de Bardaio atendeu ao sinalado nos anteriores informes do IET, polo que non se formula ningunha obxección para a súa aprobación.

**26.- 24/08/2020:** A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Xunta de Galicia informa: Examinada a documentación remitida debemos indicar que no estado actual da tramitación do plan especial (aprobación inicial) non procede emisión de informe sectorial pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de acordo co establecido no artigo 75 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

Non obstante o anterior, lémbrese que unha vez aprobado provisionalmente o plan deberá ser sometido ao informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo previsto no artigo 75.1 e da LSG.

**27.- 25/09/2020:** O Arquitecto Felipe Nuñez Méndez (colexiado nº 3222), en representación de Carlos Alberto Pose Varela, presenta a trámite un modificado do "Plan especial de Infraestruturas e Dotacións en Solo Rústico", para dar resposta aos informes da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade - Augas de Galicia e á Consellería de Cultura y Turismo - Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Xunta de Galicia.

**28.- 02/10/2020:** Emítase informe técnico por parte do Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico Municipal D. Ernesto Fernando Calvo Pérez, sobre o modificado do Plan espacial en

virtude do establecido polo artigo 75 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG), que establece nos seu puntos:

c) Cando, con posterioridade ao trámite de información pública, se pretendan introducir modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, abrírase un novo trámite de información pública.

d) Os servizos xurídicos e técnicos municipais deberán emitir informe respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade do plan coa lexislación vixente.

Así pois, examinada a documentación presentada con data 25/09/2020 relativa ao modificado do "Plan especial de Infraestruturas e Dotacións en Solo Rústico" redactado polo Arquitecto Felipe Nuñez Méndez (colexiado nº 3222), comprobouse que **as modificacións introducidas non supoñen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado**, polo que non deberá abrirse un novo trámite de información pública.

Por outra banda, a integridade documental do expediente considerárase que estea completa unha vez obtido o informe favorable –relativo ao modificado achegado- da **Concellería de Cultura e Turismo. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e da Concellería de Infraestruturas e Mobilidade. Augas de Galicia. Servizos Centrais. Xunta de Galicia**, dentro do ámbito das súas respectivas competencias, xa que en canto á calidade técnica da ordenación proxectada e a conformidade do Plan coa lexislación vixente, este servizo comparte os criterios favorables e de conformidade da **Concellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Instituto de Estudos do Territorio e da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Xunta de Galicia**, ao cumprirse as cuestións expresadas nos informes do IET de 12/02/2019 e do 06/11/2019, xa que no dito Plan incorporáronse as medidas de integración paisaxística propostas, modificouse a ordenación para descompoñer en varios volumes as edificacións, adecuando a súa implantación á topografía descendente, provéndose unha naturalización das cubertas para mellorar a súa integración e minimízanse as zonas de aparcadoiro e o asfaltado de viarios, adecuándose o proposto no Plan á lexislación vixente.

**28.- 21/01/2021:** A Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Xunta de Galicia informa favorablemente o modificado do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións en solo rústico e de núcleo rural en Bardaio. Xaneiro de 2021, dentro do ámbito das súas competencias. Indicando:

O presente informe emítese en virtude do establecido polo artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (en diante LPCG), que establece que todos os plans, programas e proxectos relativos a ámbitos como a paisaxe, o desenvolvemento rural ou as infraestruturas ou calquera outro que poida supoñer unha afección ao patrimonio cultural de Galicia pola súa incidencia sobre o territorio, deberán ser sometidos ao informe da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, que establecerá as medidas protectoras, correctoras e compensatorias que considere necesarias para a salvagarda do patrimonio cultural afectado, sen prexuízo das súas competencias para a posterior autorización das intervencións que puideren derivar dos documentos en trámite.

#### **1.Descripción do expediente**

O obxecto do Plan especial de infraestruturas e dotacións (en diante PEID) é a ordenación dun ámbito para a implantación dun Centro de Investigación, Formación e Coidado de Persoas Maiores.

O ámbito de actuación atópase clasificado na súa meirande parte como solo Rústico de Protección Agropecuaria, parte como solo Rústico de Protección de Augas, e parte como solo de Núcleo Rural Histórico Tradicional. Trátase dunha contorna eminentemente rural, anexa ao Núcleo Rural Histórico Tradicional de Bardaio, parroquia de San Martiño de Cores. No ámbito do PEID existen 5 edificacións, das cales tres son tradicionais (vivenda, galpón e hórreo) e as restantes unha nave de gando e unha edificación auxiliar da nave.

#### **2.Incidencia da actuación sobre o patrimonio cultural de Galicia**

Lindeiro co ámbito do PEID, localízase o contorno de protección da "Casa en Bardaio", ben recollido no Catálogo do PXOM vixente coa ficha 6.18. A dita ficha recolle tanto o ben como o seu contorno de protección, que non invade o ámbito obxecto do PEID.

#### **3.Análise do cumprimento das medidas protectoras e correctoras do anterior informe da DXPC**

No informe emitido pola DXPC o 17.07.2020 ao documento de aprobación inicial, requiríanse diversas medidas protectoras e correctoras. En relación cos ditos requirimentos, cómpre informar:

a)Indicábase que debían catalogarse aqueles hórreos que contasen con valor cultural, e xustificar e aclarar a ausencia de valores culturais dos que se decidise non catalogar.

No documento achegado catalóganse todos os hórreos do núcleo e delimitáanse os seus contornos de protección. A información contida nas fichas do catálogo estímase completa.

b)Respecto das edificacións tradicionais existentes no ámbito (unha delas un hórreo tradicional) no documento modificado, a súa rehabilitación insírese na primeira fase, antes o durante a execución do centro asistencial.

c)En canto á proposta de ordenación e as condicións de edificación, indicábase no informe da DXPC que o criterio de implantación no terreo de xeito similar ás edificacións tradicionais requirido na normativa resultaba contradictorio coa edificación perpendicular á pendente e sobre pilotes, como se representa o volume na sección inserida na normativa e nas fotomontaxes.

Establécese agora no documento modificado que a sección inserida é un exemplo como forma de implantación na parcela en canto ao mantemento de vistas pero non ás condicións de edificación, e que o mesmo criterio se aplicará para os fotomontaxes e plantas da proposta.

**29.- 23/04/2021:** A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Augas de Galicia. Servizos Centrais. Xunta de Galicia require documentación adicional para poder emitir informe de acordo co establecido no artigo 39 da Lei 09/2010 de Augas de Galicia, concluíndo no seu informe:

En consecuencia, e de acordo co exposto, deberanse ampliar a documentación do **"Plan Especial de Infraestruturas e Dotación en solo rústico en Bardaio (Ponteceso)"** segundo se indica nos parágrafos precedentes en materia de abastecemento.

Por último, sinalar que estas consideracións emítense estritamente desde o punto de vista das competencias deste organismo de conca, sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto do mesmo e sen prexuízo dos condicionantes que se poidan establecer nas preceptivas autorizacións de Augas de Galicia que se tramiten segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH.

**30.- 04/06/2021:** Emítense informe técnico por parte do Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico Municipal D. Ernesto Fernando Calvo Pérez, relativo ao requirimento de augas de Galicia, no que se indica:

Punto de captación da auga: CAPTACION RIO ANLLONS.

Localización: Lugar de Saimia-Anllóns (Ponteceso).

Demarcación hidrográfica: Galicia-Costa.

Xeoreferenciación: Latitude: 43.232270 ; Lonxitude: - 8.882493 (DATUM ETRS89)

Categoría da auga: Superficial río.

Tipo de captación: Río/Embalse/canal.

Masa da auga: Río Anllóns.

Código de Masa: ES014MSPFES.014.NR.149.000.01.00.

Uso de captación: Ordinario.

Volumen de auga captada: 0,250 Hm<sup>3</sup>/año.

Lugar de destino da auga captada: ETAP de Ponteceso.

Tipo de toma: Bombas de extracción.

Protección: Cartel sinalización captación auga de consumo.

(Estímase un caudal de rede no punto de conexión en Figueroa onde se vai a facer a ampliación o Centro de 50 m<sup>3</sup>/día, suficiente para garantir o suministro).

Así pois, dáse por xustificado que o Concello ten resolto co solicitado a captación da auga pública no río Anllóns para a correspondente concesión a inscribir no Libro de Rexistro de Augas como uso privativo; por disposición legal ou concesión administrativa, segundo o establecido nos artigos 54 e 59 do TRLA.

**31.- 28/06/2021:** A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Augas de Galicia. Servizos Centrais. Xunta de Galicia informa nas súas conclusións:

Vista a documentación aportada, **infórmase favorablemente a "Plan Especial de Infraestruturas e Dotación en solo rústico en Bardaio (Ponteceso)"**, condicionado á resolución favorable da concesión de augas para o abastecemento municipal en tramitación no expediente de clave DH.A15.78376.

Por último, sinalar que estas consideracións emítense estritamente desde o punto de vista das competencias deste organismo de conca, sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto do mesmo e sen prexuízo dos condicionantes que se poidan establecer nas preceptivas autorizacións de Augas de Galicia que se tramiten segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH.

**32.- 30/06/2021:** A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Augas de Galicia. Zona Hidrográfica de Galicia-Norte solicita logo de examinar a solicitude de referencia que falta a documentación necesaria para poder continuar a súa tramitación. Esta é a que se sinala a continuación:

- Proxecto subscrito por técnico competente.

- Informe sanitario da Administración competente relativo á idoneidade da captación, calificación sanitaria das augas e mínimos precisos para a súa potabilización.

No proxecto deberá constar información detallada do abastecemento "en alta" sinalando os elementos esenciais do aproveitamento coa súa situación catastral e coordenadas UTM ETRS89, conforme ao disposto no artigo 193 do Regulamento do dominio público hidráulico (Real Decreto 849/1986, de 11 de abril).

Tamén se deberá aportar a relación dos lugares abastecidos e os cruzamentos da rede de abastecemento coa rede hidrográfica así como a documentación gráfica correspondente.

Comunicámoslles mediante o presente escrito que se transcorrido o prazo de tres (3) meses non presenta a documentación solicitada entenderase que desiste da súa solicitude, de conformidade co artigo 95 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, procedéndose ó arquivo das actuacións practicadas.

Lémbbraselle, que de acordo co texto refundido da Lei de augas e do Regulamento do dominio público hidráulico, é obrigatorio solicitar e obter a inscrición no Rexistro de Augas para ter dereito ó aproveitamento.

**33.- 12/07/2021:** Emítase informe técnico por parte do Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico Municipal D. Ernesto Fernando Calvo Pérez, favorable á aprobación provisional, que conclúe:

*“Examinada a documentación presentada comprobase a integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, a calidade técnica da ordenación proxectada, a conformidade do Plan coa lexislación vixente e que este contén as determinacións axeitadas á súa finalidade. Axustándose ao artigo. 184. Documentación dos planes Especiais do RLSG.*

*O PEID dispón dos informes sectoriais favorables que lle resultan preceptivos, de conformidade coa normativa vixente para o precedente estado tramitado (aprobación inicial), correspondéndolle para o presente estado en tramitación (aprobación provisional) a obtención do informe sectorial por emitir da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, pertencente a Concellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de acordo co establecido no artigo 75.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).*

*O órgano municipal competente deberá así pois proceder á súa aprobación provisional, someténdoo, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano competente en materia de urbanismo para o seu informe preceptivo e vinculante (artigo 75.1.e) da LSG).*

**O que se informa os efectos oportunos e se propón se proceda a súa aprobación provisional.”**

**34.- 19/07/2021:** Emítase informe respecto do resultado do trámite de exposición pública por parte da funcionaria responsable do Rexistro Municipal, no que se indica que non consta a presentación de alegacións.

**35.- 19/07/2021:** Emítase informe xurídico por parte da secretaria en réxime de acumulación de funcións, María Cristina Varela García, en sentido favorable respecto da aprobación provisional, con observacións respecto da condición do persoal técnico que emite informe.

*Considerando o disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e no Decreto 143/2018 polo que se aproba o Regulamento da LSG así coma o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ponteceso, publicado no BOP nº 99, do 28.05.2015*

*Considerando a atribución concedida ó Alcalde polo artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e a resolución de alcaldía 374/2019 e 283/2020 de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.*

*Propoño á Xunta de Goberno Local:*

*PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente o Plan Especial de Infraestruturas en solo rústico e de núcleo rural para a Construción dun Centro de Investigación, formación e coidado de persoas maiores en Bardaio. Ponteceso.*

*SEGUNDO: Remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, ao órgano competente en materia de urbanismo para o seu informe preceptivo, que haberá de ser emitido no prazo de dous meses, a contar desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellería.*

*Transcorrido este prazo sen que se comunicara o informe solicitado, poderá continuarse a tramitación do plan (artigo 75.1.e) da LSG).(…)”*

**Sométese a votación e Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar provisionalmente o Plan Especial de Infraestruturas en solo rústico e de núcleo rural para a Construción dun Centro de Investigación, formación e coidado de persoas maiores en Bardaio. Ponteceso.

**SEGUNDO.-** Remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, ao órgano competente en materia de urbanismo para o seu informe preceptivo, que haberá de ser emitido no prazo de dous meses, a contar desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellería.

*Transcorrido este prazo sen que se comunicara o informe solicitado, poderá continuarse a tramitación do plan (artigo 75.1.e) da LSG)*



### 3.- Dación de conta de decretos

3.1.- Dación de conta do Decreto núm. 426/2021, de data 05/07/2021,

Dase conta do Decreto núm. 426/2021, de data 05/07/2021, que literalmente di:

#### “RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC) PARA O FOMENTO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS NOS CONCELLOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA CON MOTIVO DO XACOBEO 21-22: CULTURA NO CAMIÑO, ANO 2021

**EXPEDIENTE:**2021/G003/000451

#### ANTECEDENTES:

Vista a resolución de data 11 de xuño de 2021 da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) dependente da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, pola que se establecen as bases das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia con motivo do Xacobeo 21-22: Cultura no Camiño, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento CT302B), publicadas no DOG núm. 117 do 22 de xuño de 2021.

Visto o expediente tramitado ao efecto de solicitude de subvención para programación culturais Xacobeo 21-22 mediante a “Memoria técnica de programación Cultura no Camiño 2021” por importe de máis de 7.500,00 euros (marcado polas bases), dos que solicitan ao AGADIC como subvención o 80% dos gastos que resulten.

Vista a retención de crédito de 2.000,00 € do 23.06.2021 feita pola intervención municipal para este programa.

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e normativa concordante.

Considerando a atribución concedida ó Alcalde polo artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e a resolución de alcaldía de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Considerando o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público sobre avocación de competencias.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Avocar, de conformidade co artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a delegación da atribución atribuída á XGL, única e exclusivamente para a adopción da solicitude da presente subvención á Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia con motivo do Xacobeo 21-22: Cultura no Camiño, ano 2021, motivada pola urxencia da súa solicitude e ante a imposibilidade de celebrar a XGL nesta semana e dar conta á XGL na vindeira sesión que se celebre.

SEGUNDO: Solicitar á Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), dependente da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, unha subvención ao amparo da bases e convocatoria de subvencións para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia con motivo do Xacobeo 21-22: Cultura no Camiño, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento CT302B), publicadas no DOG núm. 117 do 22 de xuño de 2021, para a realización do seguinte proxecto de programación cultural Xacobeo 21-22:

-“Memoria técnica de programación Cultura no Camiño 2021” por importe de máis de 7.000,00 euros (marcado polas bases), dos que solicitan ao AGADIC como subvención o 80% dos gastos que resulten.

TERCEIRO: Comprometerse expresamente a realizar o mencionado proxecto para o cal se solicita a subvención no caso de obter a correspondente subvención do AGADIC.

CUARTO: Aceptar as condicións de financiamento e os requisitos establecidos nas citadas bases reguladoras da subvención sobre o compromiso de financiar o importe (máis de 7.000,00 €) ou parte non subvencionable obxecto da actividade ata o importe total da execución; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; e na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e normativa concordante.

QUINTO: Facultar ao alcalde, Xosé Lois García Carballido, para as actuacións precisas para a execución do presente acordo.

SEXTO: Remitir en prazo ao AGADIC a certificación do presente acordo xunto co resto de documentación esixida nas bases da convocatoria.

Documento asinado electronicamente polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Lois García Carballido, ante min, a secretaria en réxime de acumulación, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.”

A XGL dase por enterada.

3.2.- Dación de conta do Decreto núm. 442/2021, de data 09/07/2021

Dase conta do Decreto núm. 442/2021 de data 09/07/2021, que literalmente di:

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

APROBACIÓN DO PROXECTO E INICIO EXPTE. CONTRATACIÓN DA OBRA DENOMINADA: MELLORA NOS ACCESOS Ó PARQUE EMPRESARIAL DE TELLA (FASE 1)

### ANTECEDENTES:

Logo de ver a Resolución da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia (expediente IN519B 2021/93-0), pola que se lle concede ó Concello de Ponteceso unha axuda por importe de 120.000,00 €, ó abeiro da Orde do 18 de decembro de 2020.

Logo de ver o proxecto da obra denominada: MELLORA NOS ACCESOS Ó PARQUE EMPRESARIAL DE TELLA (FASE 1), redactado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Ana López López, colexiada número 34.305, cun orzamento de execución por contrata de 150.000,00 € (ive añadido), de setembro 2020. Logo de ver o informe do enxeñeiro de edificación e arquitecto técnico dos Servizos Técnicos Municipais, Ernesto Fernando Calvo Pérez, de 27/06/2020.

Logo de ver que as actuacións reflectidas no Proxecto afectan a varios organismos ao estar dentro dos ámbitos de afección das distintas normativas sectoriais vixentes, obténdose as correspondentes autorizacións para a súa execución:

- **Servizo Provincial da AXI en A Coruña. Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Xunta de Galicia.**

Con data 24/05/2021 recíbese a resolución do expediente: IF205D 2021/000027-1, na que se outorga esta autorización ó CONCELLO DE PONTECESO: , MOBILIDADE PEONIL . MELLORA DE ACCESOS AO PARQUE EMPRESARIAL DE TELLA SITUACION RESPECTO A ESTRADA: Concello: PONTECESO Estrada: AC-419 - BUÑO (AC-418) - PONTECESO (AC-424) Punto Quilométrico: Dende qm. 7,840 ata qm. 9,540 Marxe, en sentido do avance de Quilometración: Ambos-los dous

- **Augas de Galicia. Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Xunta de Galicia.**

Con data 27/05/2021 recíbese a resolución do expediente: DH.W15.71980, na que se outorga autorización de habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais no lugar de Parque Empresarial de Tella, parroquia de Tella (Santo Eleuterio), no concello de Ponteceeso. Logo de ver o contido no Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción (BOE 25/10/1997).

Logo de ver os informes que obran no expediente 2021/C003/0000002, así como a existencia de crédito na partida 2021.1532.210.619.00 do vixente Orzamento Municipal, prorrogado para o exercicio de 2021. Considerando a atribución concedida ó Alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e a resolución de alcaldía de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local, núm. 374/2019, do 26-06-2019.

Considerando o disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público sobre avocación de competencias.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,

## **RESOLVO**

Primeiro.- Avocar, de conformidade co artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a competencia delegada na XGL, única e exclusivamente para a adopción deste acordo de aprobación de proxecto e expediente de contratación da obra “Mellora nos accesos ó Parque Empresarial de Tella (Fase I), motivada pola urxencia da súa aprobación e ante a imposibilidade de celebrar a XGL nesta semana, e dar conta á XGL na vindeira sesión que se celebre

Segundo.- Aprobar o proxecto da obra denominada: MELLORA NOS ACCESOS Ó PARQUE EMPRESARIAL DE TELLA (FASE 1), redactado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos,

Ana López López, colexiada número 34.305, cun orzamento de execución por contrata de 150.000,00 € (ive añadido), de setembro 2020.

Terceiro.- Iniciar o expediente de contratación da obra MELLORA NOS ACCESOS Ó PARQUE EMPRESARIAL DE TELLA (FASE 1), Expte. 2021/COO3/000002, polo procedemento aberto simplificado, empregando os pregos tipos da Deputación da Coruña, e que polo T.A.X.-Coordinador Xeral se proceda a súa redacción, emisión dos informes preceptivos, así como os preceptivos de Secretaría e Intervención.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre”

A XGL dase por enterada.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 21.50 do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, do que como secretaria dou fe, asinandoa xunto co alcalde.

O Alcalde

A secretaria en réxime de acumulación de funcións

Asdo.: D. Xosé Lois García Carballido

Asdo: D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Cristina Varela García

Documento asinado electrónicamente ao marxe.